



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Situacións de risco para a saúde e radioloxía		Código	750G01013
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Garcia Sanchez, María Matilde		Correo electrónico	matilde.garcia@udc.es
Profesorado	Darriba Rodríguez, María Del Pilar		Correo electrónico	pilar.darriba@udc.es
	Garcia Sanchez, Maria Matilde			matilde.garcia@udc.es
	Rumbo Prieto, José María			jose.maria.rumbo@udc.es
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Materia destinada a describir os conceptos xerais da infección e hixiene na asistencia sanitaria, explicar os procedementos de hixiene e de prevención da infección adquirida nos centros sanitarios, así como identificar as estratexias de prevención de riscos laborais no devandito contexto. Tamén ten como obxectivos describir e aplicar as manobras de soporte vital básico e instrumental, así como identificar os diferentes sistemas radiolóxicos de diagnóstico e tratamento e os procedementos para unha manipulación segura.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A15	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
A16	Coñecer os principios de radioloxía, radioprotección e prevención e control de infeccións.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Describir os conceptos xerais da infección e hixiene en centros sanitarios.		A16	B1	C6
			B3	C10
			B4	
			B5	
			B11	



Explicar os procedementos de hixiene e de prevención en centros sanitarios.	A16	B1 B2 B3 B5 B6 B9 B11	C4 C6 C10
Identificar as estratexias de prevención de riscos laborais no contexto sanitario	A16	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11	C4 C6 C10
Describir e aplicar as manobras de soporte vital básico e avanzado	A15	B1 B2 B3 B5 B9 B11	C4 C6 C10
Identificar os diferentes sistemas radiolóxicos de diagnóstico e tratamento e os procedementos para unha manipulación segura	A16	B1 B5 B6	C10

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE I. Conceptos Xerais das Infeccións Nosocomiais. Limpieza, Desinfección e Esterilización.	TEMA 1. A infección relacionada coa atención sanitaria (IRAS). TEMA 2. Epidemiología e prevalencia da infección hospitalaria en España TEMA 3. Prevención e tratamento da transmisión da IRAS a través do medio sanitario: 3.1. Limpieza e desinfección do medio clínico. 3.2. Hixiene e desinfección do instrumental e do equipamento clínico. 3.3. Esterilización do instrumental TEMA 4. Uso de desinfectantes e antimicrobianos no medio clínico: 4.1. Antisépticos e desinfectantes de uso xeral no ámbito clínico. 4.2. Normas de utilización e conservación de antisépticos e desinfectantes.



UNIDADE II. Medidas de Prevención da Infección Asociadas aos Coidados Sanitarios	TEMA 5. Procedementos de prevención da infección hospitalaria (IRAS) TEMA 6. Medidas de hixiene xerais de control da infección 6.1. Hixiene de mans 6.2. Uso de material de protección TEMA 7. Normas para a prevención de infeccións asociadas a procesos hospitalarios: 7.1. Prevención da infección da ferida cirúrxica 7.2. Prevención da infección asociada a cateterismo intravascular. 7.3. Prevención da infección asociada a sondaxe vesical. 7.4. Normas para a prevención da infección respiratoria TEMA 8. Outras técnicas e procedementos de prevención da infección hospitalaria. 8.1. Medidas de illamento para pacientes con enfermidades infectocontagiosas
UNIDADE DIDACTICA III: Prevención de Riscos Laborais no Contexto Sanitario. Introducción á Radioloxía e Aspectos Básicos das Radiacións Ionizantes. Principios e Normas Básicas de Protección Radiolóxica	TEMA 9. Prevención da infección no persoal sanitario #ante enfermidades infectocontagiosas TEMA 10. Procedementos para a prevención de riscos laborais xenerais no contexto sanitario TEMA 11. Introducción á radioloxía e aspectos biolóxicos das radiacións ionizantes TEMA 12. Principios e normas básicas de protección radiolóxica
UNIDADE DIDACTICA IV: Conceptos Básicos de Soporte Vital Básico e Avanzado. Prevención do Paro Cardiorrespiratorio. Técnicas de Reanimación Cardiopulmonar Básica no Adulto e Neno.	TEMA 13. Parada Cardiorrespiratoria. Conceptos básicos de Soporte Vital Básico e Avanzado. TEMA 14. Soporte Vital Básico no adulto e no neno 14.1. Soporte Respiratorio: ventilación 14.2. Soporte Circulatorio: masaxe cardíaca TEMA 15. Soporte Vital Instrumental 15.1. Manexo da vía aérea 15.2. Soporte Respiratorio: Osixenación 15.3. Soporte Circulatorio: Desfibrilación automática e semiautomática. Manexo do DESA/ DEA TEMA 16. Manexo da Vía Aérea. Manobras de permeabilización e desobstrucción da vía aérea (OVACE) TEMA 17. Outras técnicas de Soporte Vital. Situacións especiais
UNIDADE DIDACTICA. V. Simulación Práctica e Resolución Casos	UNIDADE I, II E III. Prevención e Control das Infeccións no Coidado da Saúde. UNIDADE IV. Técnicas de Reanimación Cardiopulmonar Básica no Adulto e Neno.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Sesión maxistral	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	21	31	52
Prácticas de laboratorio	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	21	36	57
Traballos tutelados	A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	7	8	15
Proba mixta	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	2	20	22
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Prácticas de laboratorio	Estas sesións prácticas desenvolveranse utilizando unha metodoloxía baseada no aprendizaxe colaborativo, o cal permite que os estudantes aprendan de maneira efectiva a través de actividades prácticas, como demostracións, exercicios e investigacións.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. As preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas de laboratorio	A atención personalizada, que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo, onde interactúa o alumno co profesor. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	TRABALLO TUTELADO (AVALIACIÓN CONTINUA) O/a estudante realizará un traballo de revisión sobre un tema específico exposto polo profesor. Este traballo tutelado supón un 20% da nota final da materia (máximo 2 puntos)	20



Prácticas de laboratorio	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	PRACTICAS DE LABORATORIO/SIMULACIÓNS (AVALIACIÓN CONTINUA) Avaliarase a asistencia ás sesións de laboratorio/simulacóns prácticas, así como o traballo desenvolvido nas mesmas. A realización de todas as prácticas de laboratorio é OBRIGATORIA para superar a materia tanto na primeira como na segunda oportunidade. Os/as estudantes que non realicen as prácticas de laboratorio/simulacóns programadas na materia non poderán optar á proba mixta e figurarán en actas como ?NON PRESENTADO?. Os laboratorios/simulacóns prácticas supoñen un 10% da nota final da materia (máximo 1 punto)	10
Proba mixta	A15 A16 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 C4 C6 C10	PROBA MIXTA (PROBA FINAL ESCRITA) A realización e superación da proba mixta é obrigatoria para superar a materia. É necesario que o/a estudante alcance o 50% (3.5/7) da cualificación da proba mixta para sumar as notas da avaliación continua (Traballo tutelado e laboratorio/simulacóns). Computa o 70 % da nota final da materia (máximo 7 puntos).	70

Observacións avaliación



ASPECTOS A TER EN CONTA NA

AVALIACIÓN:

1. Con carácter xeral, a

cualificación final calcularase sumando as notas das tres partes que compoñen a avaliación.

As notas da avaliación

continua (traballo tutelado e prácticas de laboratorio/simulacións) só se

incluirán na suma se o/a estudante alcanza polo menos 3.5 puntos na proba

mixta. A aplicación das porcentaxes

correspondentes á avaliación continua (traballo tutelado e prácticas de

laboratorio/simulacións) realízase a condición de que o/a estudante alcance o

50% da nota correspondente á proba mixta.

2. Primeira Oportunidade:

A avaliación descrita anteriormente é a programada para todos/as os/as estudantes con matrícula común

que se presenten á primeira e segunda oportunidade. A asistencia aos

laboratorios/simulacións prácticas é obrigatoria para presentarse á proba

escrita da primeira e segunda oportunidade. Os/as estudantes que non se

presenten á proba mixta aparecerán en actas como non presentado. As probas de avaliación

continua superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda

oportunidade, coa cualificación obtida.

3. Segunda Oportunidade:

aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que para a primeira oportunidade (xaneiro).

4. Convocatorias de 2ª e posteriores matrículas: O alumnado deberá cursar a materia cos mesmos requisitos contemplados na 1ª matrícula.

5. Oportunidade Adiantada:

os/as estudantes que a soliciten deberán examinarse por escrito a través dun

único exame que se celebrará na data oficial aprobada en Xunta de Facultade

(xullo).

6. Matrícula de Honra: os/as

estudantes que desexen optar a matrícula de honra deberán cumprir os seguintes

requisitos:

Obter unha nota superior a 9.5

na cualificación final da materia. Obter a máxima nota na proba

escrita da materia. Superar as actividades de

avaliación continua da materia coa máxima nota.

7. Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo",

"permanencia" e "fraude académico" rexeranse de acordo

coa normativa académica

vixente da UDC.



Bibliografía básica	- EPINE 2023 (2023). Estudio de Prevalencia de la Infección Nosocomial en España (EPINE). Sociedad Española de Medicina Preventiva y Salud Pública - Consejo Europeo de Resucitación (2021). Recomendaciones sobre resucitación del Consejo Europeo de Resucitación. - Centros para el Control y la Prevención de Enfermedades (CDC) (2023). Normas y procedimientos del CDC de Atlanta. - Redondo Castán, Luis Carlos (2018). Soporte vital básico y avanzado. 6ª ed. Alcalá La Real : Formación Alcalá - Ministerio de Sanidad (2023). Normas y procedimientos actualizados en prevención de la infección en centros sanitarios . Madrid - Salcedo Leal, Inmaculada, Romero Muñoz Mª Jesus, Ruiz Montero, Rafael, Hugo Aginagalbe, Adrián (2018). Stop Infecciones Hospitalarias, 2ª Edición. Amazing Books, Zaragoza. - Fernández-Crehuet Navaja, J., Gestal Otero, JJ, Delgado Rodríguez, M., Bolúmar Montrull, F., Herruzo (2015). Medicina preventiva y salud pública. 12ª Ed.. Barcelona
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Biología/750G01002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5:

?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos,

no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

Facilitase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

Esta materia ten en conta as recomendacións de

PERSOAS E IGUALDADE DE XÉNERO: Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías